




Ideas para un Nadal sen plásticos




- ❄️ Adorna con plantas e flores propias do inverno.
- ❄️ Engalana as árbores e plantas que tes ao teu redor. sen importar a especie ou tamaño.
- ❄️ Fabrica as túas propias grilandas de Nadal con cartolinas, papeis, cores, roupa ou teas.
- ❄️ Aproveita o material de refugallo para fabricar ti mesmo/a os adobios para decorar.
- ❄️ Usa a decoración de anos anteriores. Reutiliza o que xa tes.
- ❄️ Evita a purpurina, tamén é plástico.

 Escribe unha lista de cousas que che gustaría facer coa túa familia durante o Nadal: preparar unhas galletas, saír ao monte, ver unha película, inventar historias, fabricar agasallos artesanais, escribir felicitacións aos amigos e amigas, ler un libro... Os mellores agasallos que podes pedir non están nos catálogos dos xoguetes.

 Garda os envoltorios dos teus agasallos, poderás reutilizalos.

 Evita os cubertos, vasos e manteis de plástico. Os panos de mesa de papel son un residuo que se pode evitar se os empregamos de tea. Lembra que sempre é mellor beber sen palla.

 Dille aos maiores que saian mercar "coa bolsa posta". A bolsa máis ecolóxica é a que non se pide.